

# II XORNADAS SOBRE RECURSOS EDUCATIVOS PARA TRABALLARMOS EN GALEGO

**Recursos para traballar a oralidade. Obradoiro de Slam**

**(Alumnado secundaria)**

**Silvia Penas**

## **O slam poético: ferramenta para traballar a escrita, a expresión oral, a interpretación e a comunicación ante o público**

*Todos os usos da palabra para todos (...) Non para que todos sexan artistas, senón para que ningún sexa escravo.*

Gianni Rodari

*Poetas son aquelas persoas que conservaron a súa ollada da infancia.*

Alphonse Daudet

### **Obxectivos**

- Fomentar o interese por descubrir a beleza e a mensaxe que todo bo poema achega.
- Atender ás diferenzas individuais do alumnado e descubrir neles e nelas posibles aptitudes poéticas e de interpretación dramática.
- Introducilos no coñecemento dos valores poéticos cos que conta a lingua galega e a poesía galega tradicional e contemporánea.
- Desenvolver a memoria e a imaxinación.
- Alcanzar maior riqueza léxica, dominio e articulación, entoación e pronunciación, así como maior destreza para a oralidade: falar, expoñer, comunicar en público.

### **Por que traballar con poesía e oralidade?**

- **A poesía enriquece a nosa capacidade de uso da linguaxe.** Ao tratarse un xénero de discurso libre, en canto ao uso da linguaxe é moi distinto ao da nosa vida cotiá. Grazas á lectura e á escoita podemos enriquecer o noso vocabulario e relacionarnos cun uso da linguaxe máis amplo e diversificado.
- **A poesía, e en concreto a declamación e escoita de poesía, permítenos acceder a unha forma de coñecemento diferente.** Cando asistimos a un recitado e interpretación dun texto non sempre accedemos á mensaxe do texto a través comprensión intelectual da realidade, senón do feito estar implicado nela. O ritmo, a rima, a intención, os xestos, etc. transforman ese acontecemento comunicativo nunha vivencia, en que todos os sentidos están operando, quizais exceptuando o do olfato, e o entendemento racional non é o centro.

- Tanto é así, que **amplía nosa conciencia, afirma a nosa sensibilidade e renova a nosa comprensión do mundo**. Podería dicirse que a declamación e interpretación de poemas implica ao público na realidade imaxinaria para que constrúa o seu sentido, ascendendo deste xeito, a unha maneira de coñecer diferente daquela que estamos afeitos.

- A lectura de poemas do pasado accesibles ao alumnado, é unha ocasión para poder observar a través do tempo. Permítenos comprobar como a xente experimenta o mundo en distintas épocas de maneira diferente, e como a sensibilidade das persoas e dos pobos cambia duns tempos a outros.

Pero tamén é moi interesante coñecer e experimentar cos formatos de poesía oral máis actuais, xa que o alumnado se sentirá máis identificado ao recoñecer os elementos da súa realidade nos poemas, na propia linguaxe e nas maneiras de dicción empregadas.

## **A poesía oral na actualidade**

Mentres que nas súas orixes e durante moito tempo a poesía estaba ligada a un tipo de cultura oral e popular, posteriormente pasou a ser, na súa forma máis común, un xénero literario escrito e dirixido a un público minoritario e selecto. Na actualidade, con todo, está a ocorrer un fenómeno moi rechamante: a aparición de novos xéneros poéticos orais destinados a un público moi amplo e variado.

Parece existir hoxe en día un interese crecente pola oralidade, feito que é facilmente visible nas lecturas realizadas en recitais, congresos, festivais, etc., pero tamén en medios de comunicación como radio, internet, ou en audiolibros. Xurdiron, ademais, novos tipos de manifestacións poéticas orais, como a gran variedade de concursos de declamación, ou o *poetry Slam*.

Unha das características principais da oralidade directa é que esixe adaptarse aos tempos da realización poética, compartidos por emisor/a e receptor/a. O acto poético na oralidade directa é sempre único e irreversible. Destaca Zumthor que neste tipo de actos poéticos “O oínte forma parte da performance. O labor que desempeña non contribúe menos que o do intérprete para constituíla [...] o seu sitio é inestable: oínte?, narrador? No seo dos costumes orais, as funcións tenden sen cesar a intercambiarse” (1991: 240).

## Que é un *slam*?

Un *slam* é un torneo de poetas que recitan os seus textos baixo a atenta ollada dun público que cualificará a súa intervención.

Cando se prepara un texto para participar nun *slam* interveñen varios factores, algúns que se identifican cos de calquera texto poético, e outros que se aproximan ás artes escénicas e distintas formas de comunicación, como a narración oral, etc.

Esta característica multidisciplinar do *slam* convérteo nunha ferramenta idónea para traballar, desde diferentes perspectivas, moitos aspectos da lingua, oral e escrita, da poesía e da comunicación en xeral.

O mellor para entender o que é o Slam é asistir a un. Mentres tanto, podes ir visualizando algúns exemplos.

Aquí tedes exemplos de diferentes poetas practicando slam ou formas de oralidade semellantes:

**Esther Carrodegua** <https://www.youtube.com/watch?v=awGIdNe3VfI>

**Iolanda Zúñiga** <http://www.nomelibro.com/2015/08/combate-esteril-iolanda-zuniga.html>

**Nuria Vil** <https://www.youtube.com/watch?v=gBYuAkdFVH8>

**Silvia Penas** [https://www.youtube.com/watch?v=aeFrZ\\_AfKSE](https://www.youtube.com/watch?v=aeFrZ_AfKSE)

CON BASES DE Hip hop

**Duke Sam** <https://www.youtube.com/watch?v=2OLYrQSKgAg>

**Malvares de Moscoso** <https://vimeo.com/55690071>

SLAMERS INTERESANTES DE FÓRA DE GALICIA

Raquel Lima [https://www.youtube.com/watch?v=R5aHefde\\_Qo](https://www.youtube.com/watch?v=R5aHefde_Qo)

Maria Giulia Pinheiro <https://www.youtube.com/watch?v=ETOdLPWP5Xg>

Ignacio Perini <https://www.youtube.com/watch?v=VIGvIMQYQ9Q>

Anie Di Franco <https://www.youtube.com/watch?v=UMoo7TbKyf0>

# Proposta de actividade: 1, 2, 3 slam!

Realizar un Slam poetry na aula, que poderá estenderse a unha liga entre diversas clases e ciclos do centro escolar.

## Que precisamos?

1. Participantes cos seus textos (preferentemente memorizados).
2. Voluntarios/as para o xurado. Cartolinas e bolis para anotar as puntuacións.
3. Unha persoa que cun cronómetro que teña conta de que a actuación de cada participante non sobrepase os tres minutos.
4. Un presentador ou presentadora que conducirá o acto e dará paso aos participantes ao berro de **1,2,3 Slam!** (nese momento comeza a conta atrás).

## Normas do slam

Na páxina web de Marc Smith dedicada ao slam defínese como “ Simply put, poetry slam is the competitive art of performance poetry” (2011). Con todo, as regras desta competición son moi claras e dan forma ao que poderíamos chamar un xénero de poesía oral. En termos xerais as regras básicas do evento son as seguintes:

- Os poemas deben ser creación propia do autor que leva a cabo a performance.
- A duración máxima de cada performance é de tres minutos (poden darse dez segundos máis de graza). Se se excede o tempo redúcense puntos da puntuación total.
- Por regra xeral está prohibido utilizar certo tipo de accesorios como traxes especiais, disfraces ou instrumentos musicais.
- O xurado é escollido ao azar de entre o público asistente. Componse de cinco persoas que puntúan desde 0 a 10 puntos cada poema. Da puntuación dada a cada poeta refúgase a puntuación maior e a menor, e súmanse as tres restantes, podendo obter cada poeta unha puntuación final de 0 a 30 puntos. É esta última regra unha das principais, xa que o feito de que unha parte do público, elixida o

azar, sexa xurado, marca de forma definitiva a relación e interacción entre poetas e audiencia.

- As tres persoas que obteñan as máximas puntuacións pasan á segunda rolda. Terán que declamar outro texto. Desta segunda quenda sairá o/a vencedor/a do *poetry slam*.

## **Propostas para preparar ao alumnado para *slam***

### **ELEMENTOS BÁSICOS PARA TER EN CONTA á hora de crear e interpretar un texto para Slam**

(Glenn North Spoken word poetry)

**LINGUAXE CONCRETA:** utiliza palabras e frases que proxecten na mente dos/ as oíntes imaxes, sons, accións, sensacións. Para que poidan ver, cheirar, saborear, etc.

**REPETICIÓN:** a repetición é un recurso moi sinxelo e con moito poder. Axuda a memorizar e a crear tensión e expectativa se se usa ben.

**RIMA:** hai que ter moito coidado con ela, pero pode enriquecer o poema, sobre todo se se usa dunha maneira sorprendente, cando e/ou onde non se espera.

**PERSOA:** podemos crear un texto desde a persoa gramatical que queiramos, pero debemos meternos na súa pel. Na pel túa, súa, nosa etc.

**ACTITUDE:** sen actitude non hai poema. Non hai nada que non fose dito ou escrito antes, o que cambia é o noso punto de vista e actitude cara ao tema do que se fala. É importante que esteamos convencidos e convencidas do texto que dicimos. Seguridade, calma, axudarannos a transitar o texto e non sobrevalo.

**POSTURA** : firme e relaxada á vez, estirado o corpo, a cabeza alta.

**MIRADA** : coma no baile, faino todo sen ollar os pés. Establece contacto coa mirada do público. Pasea os ollos teus polos ollos das persoas que te escoitan. Se tes un papel que che obriga a ler, intercala PAPEL-PÚBLICO .

**VOZ**: fala alto e claro. Isto non implica que non debas susurrar. Os cambios son sempre agradecidos pola audiencia.

**ENUNCIACIÓN**: nunca fales entre dentes nin murmures: Temos que intentar ser o máis entendibles que poidamos.

**EXPRESIÓN FACIAL** : sorrí se estás lendo/dicindo algo bonito ou alegre, se non a seriedade é moi contundente. Se consideramos un tema moi trascendental debemos estar serios/ as e firmes para emitir a mensaxe con contundencia. Por suposto dependendo do texto usaremos expresións de ironía etc.

**XESTOS**: usa as mans e os movementos do corpo que consideres necesarios para enfatizar a túa performance pero non descoidadamente porque distraerás a atención e perderás o “poder da palabra”.

**MEMORIZACIÓN**: se memorizas os textos estarás máis libre para centrarte na interpretación e incluso na improvisación.

**COMPRESIÓN PROFUNDA DO TEXTO**: Comprender en profundidade o texto é a clave máis importante de todas as que poidamos enumerar para poder realizar un bo recitado. Comunicar o noso poema consiste en facer chegar, non só as palabras do texto, senón a imaxe mental que elaboramos previamente á escrita do texto. A poesía é creada con imaxes, non con palabras. Visualiza o que vas contar, visualízao mentres o estás contando.

En todo caso, nun poema slam, en termos xerais, a clave atópase na presentación, na *performance*. Adoitan ser moi rítmicas, ata o punto de que se relaciona moi

frecuentemente esta forma co ritmo do jazz e as súas irregularidades, así como cos compases do hip- hop. Formalmente apóiase en recursos de tipo fónico, pero tamén sintácticos e semánticos: onomatopea, aliteración, repetición, metáfora, etc., aínda que raramente segue un metro determinado. A voz xoga un papel fundamental, acelerando certos fragmentos, acentuado certos vocábulos, e resaltando ou difuminando outros.

### **Consellos para memorizar un poema**

- Inventa unha música e cántao, podes usar tamén unha música xa coñecida, as cantigas populares son moi útiles para esta tarefa. É importante que marques moito o ritmo. Intenta un rap.
- Memoriza unha palabra clave de cada verso e imaxina unha historia alternativa enlazando un concepto con outro.
- Copia o poema varias veces por escrito. Podes facelo nun papel artístico, con fotos e bonita caligrafía para despois regalárllelo ás túas amizades. Tamén podes escoller estrofas ou versos e fabricar un marca-páxinas.
- Grávao nun aparello de reprodución auditiva e escóitao varias veces.
- Coloca unha folla ou cartolina copoema escrito nos lugares que frecuentas, o espello do cuarto de baño, a porta do teu cuarto, ou do teu armario, a portada dun libro, etc.



## ACTIVIDADES

### 1. Proposta de actividade para crear un texto partindo de modelos de slammers:

Aquí tes varios textos con cadanseu vídeo de profesionais galegos/as que practican slam: Esther Carrodeguas, dramaturga, poeta e actriz. Iolanda Zúñiga, narradora, poeta e performer, e Duke Sam músico e letrista, cantante e creador de rap e hip hop.

A partir destes modelos podes crear o teu propio texto para slam. Son modelos moi diferentes. Os dous primeiros achéganse máis aos parámetros da poesía contemporánea que atopamos nos poemarios publicados, pero cunha forte componente oral, e o terceiro, céntrase máis no ritmo e na rima, xa que se trata dun autor que conta habitualmente con bases musicais.

**Modelo 1 “Honey”:** poema narrativo que enlaza coa cotianidade e segue unha estrutura clásica de narración: introducción, nó e denlace.

#### Honey

#### Esther Carrodeguas

<https://www.youtube.com/watch?v=awGIdNe3VfI>

eu quixen namorarte a ti

porque namorar aos que se deixan namorar

non ten o mais mínimo misterio

un día

cando todo xa se fora ao carallo

díxenche

eu non estou namorada de ti

xamais o estiven

flipaches

pensaras que si

ficaches fodido porque crías que te quería

eu non te quería

xamais te quixen

so quería que ti me quixeses

por orgullo, quizais

e porque era bonito xogar a un xogo ao que quixera xogar toda a vida

unha ilusión dende pequena

ter mozo e collernos da man

e ir ao super-market

a mercar espárragos

que veñan do Perú, por favor

porque na China bótanlle moitos pesticidas ou non sei que carallo

a min

dos pesticidas dos espárragos

non che me importaba nada

antes de ti

porque ademais eu non podía saber  
se había máis na China ou no Perú  
e xamais me preguntara  
de onde carallo viñan os putos espárragos  
que merco en botes de cristal  
a un euro e dez  
no puto supermarket

o mellor sería ir ao mercado, claro  
ao de abastos, por exemplo  
en Santiago de Compostela  
que bonito!  
e falar coas froiteiras  
esas vellas simpáticas do carallo

ou mellor aínda  
ser... como se di... macrobiónico!  
se ser macrobiónico non fose outra moda mais de merda, claro

honey  
xa non estás na miña historia  
fuches nada máis que un secundario  
e eu

unha extra

case sen frase

na túa vida

porén

quería recordarche que

como che dixen aquel día

me fodía que fodeses con calquera

porque fodendo tamén comigo

e con tantas outras máis

resultaba eu ser unha calquera

non

non unha ramera

unha calquera

unha máis

eu non gosto de ser unha máis

xamais gostei

## **Modelo 2 “Combate estéril”: estrutura enumerativa centrada nos contrarios.**

Case toda a poesía podería resumirse nun compendio de semellanzas e oposicións, metáforas e/ou comparacións que por analogía se parecen ou se opoñen. Co xogo de oposición gañar/perder, se tece este poema de amor.

Fíxate que aparecen moitas alusións á vida cotiá, anacos de cancións ou frases feitas coñecidas por todos/as nós.

Anímate a buscar contrarios e enumerar por semellanza e diferenza.

### **COMBATE ESTÉRIL**

**Iolanda Zúñiga** <http://www.nomelibro.com/2015/08/combate-esteril-iolanda-zuniga.html>

Gañar quilos, canas, estrías...

Gañar unha cesta de Nadal!

Perder vista, cartos, ansia...

Perder, coma un quixote, a razón.

Perder as vísceras contra o asfalto (ou

Gañar, o forense, destreza).

Gañar afectos, máis ben mendigalos (a cambio de

Perder a dignidade).

Gañar, o nomenclátor dos ciclóns, estranxeirismos.

Perder isóbaras co anticiclón das Azores.

Perder o norte. Gañar un susto. Gañar un combate. Perder o medo.

querer Gañar unha noite noutras sabas.

odiar Perder mañás baixo o cobertor.

Gañar masa muscular para Perder credibilidade.

Perder graxa abdominal para Gañar autoestima.

Gañar, o estómago dos océanos, plástico; os pulmóns da Terra, minas; o desexo das xentes, verdugos.

Perder(te) e non atoparte nin co TomTom.

Gañar rarezas, desconfianzas, misantropías...

Perder(te) e non acougar de ti nin afogada en gintonics.

Perder, no carné de conducir, puntos. Gañar, na tómbola, a boneca Chochona!

Perder o fío da súa existencia, por mor do teu orgullo embriagado,

non significa Gañar.

Gañar unha ausencia para contraatacar a súa indiferenza, malia proerche a ansiedade, non significa Perder.

xa quixen Perder as bragas e Gañar un bombo.

xa quixera Perder a timidez e Gañarte cunha estratexia.

Perder o Vitrasa, e coller un taxi, para Gañar tempo, que Perder na casa

para Gañar descanso que, ao cabo, Perder no WhatsApp.

Perder unha mascota supón Gañar un desgusto.

Gañar unha discusión co risco de Perder un amigo.

Perder unha nai e Gañar, o mar, non unha persoa, senón unhas cinzas.

Gañar un xuízo e Perder, o fiscal, non un concidadán, senón un cliente.

Match point. Bingo. Gooool!!!

Xaque Mate. Game Over. K.O.

sentirte Gañador cando a ves triste.

sentirte Perdedora cando o ves con outra.

Gañar(mos), con recheos, terreo ao mar: e

Perder(nos), do mar, o horizonte.

Perder(vos), con tretas, a arte do afecto: e

Gañar(des), do afecto, a desconfianza.

Perder(se) nunha canción: ♪ *Voy a Perder la cabeza por tu amor...* ♪

O que vas e a...

Gañar unha hostia.

Perder a Champions, a Eurocopa, a Copa, a Liga... pero Gañar ao fútbolín.

Gañar ao Apalabrados, ao Candy Crush, ao Family Farm... pero Perder o móbil.

por Perder o temple, Gañar un cancro.

“Saber y Ganar!”, de Jordi Hurtado. “La senda del Perdedor”, de Bukowsky.

Perder decencia no alcoholímetro, conciencia na tapa dun retrete, gravidade excedendo o límite de velocidade; e non Gañar serenidade.

Perder a infancia, a pubertade, a xuventude; e non Gañar madurez.

Gañar nas rúas o que vas Perder nas urnas.

Gañar optimismo o día que mercas un pack de 24 condóns.

Perder ilusión o día que caducan.

Gañei en estupidez 1 vez, hai 2 anos, cando crin 3 mentiras, ou 4, cuspidas en 5 minutos que me prometeron amor desbocado 6 días lectivos por semana nos que festexar os 7 pecados capitais, profanar as 8 marabillas... cando 9 meses despois, ás 10, adurmiñaba cun Lexatín para evitar saír aí fóra, atoparte, e volverte

Perder.

Tanto combate... cando todo canto quixen contigo, corazón contendente, foi EMPATAR.

### **Modelo 3 “A fórmula da felicidade”. Poema artellado arredor dunha pregunta.**

Repeticións, apelacións á cotianidade e termos coloquiais, con estranxeirismos, castellanismos, propios da lingua urbana oral, alusións a persoas famosas e os *mass media*... , todo artellado sobre a pregunta: “Quen terá esa fórmula que fai felicidade”. E a partir dela se retratan problemas sociais, etc.

Busca a túa propia pregunta, compara, responde e crea un texto para declamar/recitar/facer slam!

#### **A FÓRMULA DA FELICIDADE:**

Quen terá esa fórmula que fai felicidade, se vivimos mendigando algo de amor e dignidade. Refuxiados e deshaucios xa son cotiáns, empatía 0 ao ver sufrir os teus irmáns.

Quen terá esa fórmula que fai felicidade, se o racismo e o machismo aniquilaron a igualdade. Outro negro preso, outra muller asasinada, e o Madrid gañou a liga, eiquí non pasa nada. Sociedade idiota, adicta o ocio e a tortura, con telebasura, wifi, porno, cobertura. Recaudando votos, fabrican xoguetes rotos, e moito mellor drogarse que mirar a Pablo Motos.

Non hai liberdade, só superficialidade, esas bombas que detonan, distorsionan realidade. Na rede social podes ser alguén especial, mais aquí fóra chove merda e as tuas bágoas danlle igual.

Vai ao funeral e chora, xa non volverá, o corpo marchou a poesía quedará, ti decides se recheas os miolos de serrín, ou seguir as aventuras de Melendi e Pakirrín.

A miña mente é un fortín, que vive ao borde do motín, así que afórrate o teu mitin de gravata e maletín. Eu non vou de latín King, nin de arlequín, sonche humano, malia ás veces penso que desexaría ser de Urano.

Quen terá esa fórmula que fai felicidade, se vivimos mendigando algo de amor e dignidade. Refuxiados e deshaucios xa son cotiáns, empatía 0 o ver sufrir os teus irmáns.

Quen terá esa fórmula que fai felicidade, se o racismo e o machismo aniquilaron a igualdade. Outro negro preso, outra muller asasinada, cambiamos a canle porque eiquí non pasou nada.

DUKE SAM



## 2. Proposta de traballo para mellorar a declamación e interpretación con poemas realizados con Jitanjáforas.

**Jitanjáforas:** o termo *jitanjáfora* foi acuñado polo escritor mexicano Alfonso Reyes que o tomou duns versos do cubano Mariano Brull (1891-1956) e xogou a despojar as palabras das súas implicacións conceptuais e afectivas até chegar á inanidade sonora da *jitanjáfora*. Alfonso Reyes define as jitanjáforas como: "*Creacións que non se dirixen á razón, senón máis ben á sensación e á fantasía. As palabras non buscan aquí un fin útil. Xogan soas*".

O exercicio consistirá en que cada alumno/a recite este texto (non ten que ser enteiro, abondaría con dúas ou tres estrofas), escollendo unha emoción ou mensaxe que queira comunicar. Posteriormente, a clase deberá intentar adiviñar cal era a emoción que se pretendía transmitir co recitado.

Mátira cóscora látura cal  
Torcalirete, Turpolireta,  
Lámbita múrcula séxjula ram,  
Turpolireta frindela mu gay.

Tórcolo mórmoro blésturo mor  
Torcalirete, Turpolireta,  
Sóculo móculo vísculo son,  
Torcalirete frindela mu yon.

Mátira múrcula séxjula vim  
Torcalirete, Turpolireta,  
Sóculo mórmoro látura pil,  
Turpolireta gascunda mu lir.

«Lápilo glótulo mínulo tel,  
Torcalirete, Turpolireta,  
Nímulo rájulo tépilo vel»,  
Turpalireta vigunda fri ben.

«Tínito péculo glótulo tu  
Torcalirete, Turpolireta,  
Rátulo cáncayo límulo su»,  
Torcalirete gascunda fri gum.

«Lépilo glótulo mínulo tel,  
Torcalirete, Turpolireta,  
Nímulo rájulo tépilo vel»,  
Turpalireta vigunda fri ben.

## «Tínito péculo glótulo tu...

Gonzalo Torrente Ballester

- 3. Variante:** este mesmo exercicio pode realizarse CON TEXTOS MOI AFASTADOS DO XÉNERO poético. Por exemplo, un prospecto, as instrucións de uso dun electrodoméstico, etc. O recitador/a deberá explicar como premer o botón con toda a paixón, ira, tristeza ou xúbilo que considere.

### 4. Partitura poética

A poesía como a música pode ter moitos xeitos de ser interpretada, se queremos imprimirlle a un poema o noso propio estilo, entoación, velocidade, volumen, etc. É importante que creemos unha partitura que nos permita ir seguindo as indicacións ata que as interioricemos e poidamos facelo sen papel diante.

1. Marcar as palabras máis importantes nas que te vas recrear. Se ten rima, busca as palabras que riman e márcasas todas coa mesma cor.
2. Pausas: máis importante que as palabras, son os silencios, debemos pararnos onde sexa preciso, sobre todo alongar as pausas antes das palabras importantes que marcaches antes. Sinala os silencios con barras por exemplo.

/ SILENCIO (PAUSA BREVE)

// SILENCIO (PAUSA LONGA)

3. Dinámicas de volumen: é importante proxectar a voz para que chegue a todas partes, pero segundo o contido do texto, podemos susurrar ou berrar. A variación de volume nun texto imprime matices e dota de dinamismo e flexibilidade. Marca con letras o volumen:

F VOLUME FORTE

B VOLUME BAIXO

MF MEDIO FORTE

MB MEDIO BAIXO

4. Dinámicas de ritmo: hai partes do texto ou incluso textos enteiros nos que a propia construción pide maior velocidade, ou maior lentitude. É interesante xogar con diferentes velocidades para evitar a monotonía.

Para marcar velocidade podes poñer liñas por por riba do texto:  
Unha liña recta continua se o ritmo é moi rápido, un pouco curva se é intermedio, e discontinua para expresar lentitude.

\_\_\_\_\_ RÁPIDO

----- LENTO

~ INTERMEDIO

(NUNCA NUNCA NUNCA APURES MOITO PARA CHEGAR AO FINAL  
RAPIDAMENTE, HAI QUE SABOREAR O TEXTO)

Procurar un bo final: o final ten que ser rotundo, non pode decaer nin podemos perder os folgos nos últimos versos, ao contrario, debemos remarcalo cunha pausa anterior, se o texto o permite, ou cunha entoación sostida e dicción clara.